



1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Fisterra. Parroquias: Santa María de Fisterra. Extensión: 1,08km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade conformada por grandes cantís rochosos nas ladeiras occidentais do Monte do Facho. Cara ao sudoeste, as pendentes superan o 70 % debido á proximidade da elevación ao mar, polo que dá lugar a paredes case verticais.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dentro do Dominio hercínico, reparto entre un granitoide migmático nas partes baixas, con carácter nebulítico; e un granito de megacristais, cofecido como "Tipo Fisterra", xa Tardihercínico, nas partes altas. Dous diques de microgranitos alórganse nas ladeiras baixas de Punta dos Abeláns-A Salgueiroa e Punta dos Oídos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Tramo acantilado moi exposto ás masas de aire húmido oceánico polo que se rexistran maiores precipitacións que noutros sectores costeiros próximos, situándose no rango de 1400mm a 1600mm ao ano. As temperaturas son en todo caso suaves superando os 14°C de media anual e a oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C. Polo tanto a maior parte da unidade inclúese no dominio climático Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

A natureza acantilada da unidade determina a formación de solos pouco desenvolvidos sobre vertentes en xeral de forte pendente e nas que con frecuencia aflora o substrato rochoso en superficie, fundamentalmente dos tipos leptosol lítico e regosol.


AS AUGAS

Costa acantilada con ausencia dunha rede hidrográfica definida. A auga de chorreira chega á masa de Augas Costeiras do Cabo Fisterra (20141) formando pequenas valgas na pendente nos cantís.

O PATRIMONIO NATURAL

Agás as partes máis elevadas da parte centro-este o resto encóntrase incluída no ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. Sector acantilado potente con dominio do hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos e praias de seixos. As vertentes compóñense principalmente de extensións de matos costeiros secos: 4030, breixos secos europeos; do 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans. Pero tamén existen algunhas valgas húmidas co hábitat 4020 de breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Existen numerosos afloramentos graníticos que permiten o desenvolvemento do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

En contraste coas vertentes orientais do Cabo Fisterra, nas que as actividades antrópicas incidiron en maior medida sobre as súas ladeiras, na costa occidental a intervención do home non foi tan notable, permitindo manter practicamente inalterado o uso do solo, conservando a cuberta vexetal propia das zonas acantiladas. Porén, na cima do Monte do Facho, implantouse unha antena de telecomunicacións e na parte alta da ladeira, que verte entre Punta dos Coidos e Punta Alba do Sur, realizouse unha plantación de frondosas.

MORFOLOXÍA

Na unidade non existe ningún asentamento de poboación, tan só se observan os restos dunha actividade recofocida na Ermida de San Guillermo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existe un camiño principal, situado a media ladeira, que rodea os Montes do Facho e de San Guillermo conformando un circuíto que une as dúas vertentes do Cabo Fisterra. Na unidade, desde este camiño saen varias sendas que dan acceso ás cabeceiras dos cantís.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A viaxe a Fisterra é, pola súa significación xeográfica e histórica, un rito para todos os que visitan Galicia. Ademais de ofrecer unha serie de sorpresas paisaxísticas, caracterízase por unha grande riqueza patrimonial e monumental. En Cabo Fisterra, onde os antigos romanos crían que morría o sol, destaca sobre todo o conxunto formado polo Faro de Fisterra, A Serea e o Semáforo. O Faro de Fisterra, construído no 1853 é o máis occidental de Europa, foi considerado tradicionalmente o cabo do fin do mundo. O edificio anexo é A Serea, construído para que os días que hai néboa emita uns sons estridentes que poidan escoitar os barcos. O terceiro edificio é o Semáforo, cuxa misión orixinal era a de emitir sons á mariña de guerra. Actualmente é unha casa de turismo rural. Na unidade hai que destacar unha serie de pedras non catalogadas vinculadas ás lendas de tipo relixioso, como As Pedras Santas ou A Pedra Cagona.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Xunto a Fisterra Este, esta unidade forma parte do Cabo Fisterra, o Cabo máis occidental de Europa. Este conxunto natural e cultural de características moi singulares, está formado por grandes cantís rochosos, con pendentes case verticais que avanza sobre o mar uns 5Km en dirección sur. Malia ser o maior reclamo turístico do concello de Fisterra é unha paisaxe que sufriu poucas alteracións de orixe antrópica, conservando a súa gran beleza natural e paisaxística. Esta unidade é a que lle imprime ao conxunto un carácter máis natural e salvaxe, debido a que as súas ladeiras acantiladas cubertas de mato costeiro, que descenden bruscamente cara ao Océano Atlántico apenas sufriron a intervención humana. Esta paisaxe tamén se compón da rocha do Centulo, que é un promontorio situado a 700 m. mar a dentro da Punta dos Coidos, elevándose 25 m sobre o nivel do mar.

DINÁMICA DA PAISAXE


A Paisaxe do Cabo Fisterra en liñas xerais non sufriu demasiadas transformacións na súa estrutura paisaxística, pero a presión turística á que se someteu ou ao longo do tempo traducíuse nun aumento de infraestruturas e equipamentos. As evolucións que sufriu esta ladeira oeste son mínimas, mencionar que hai un acondicionamento das antigas sendas existentes e aparición dalgunha nova, á parte da transformación de usos do solo xa comentado no apartado anterior.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A Costa da Morte caracterízase por unha paisaxe virxe, a singular beleza das formacións costeiras de grandes cantís con pendentes case verticais e as increíbles vistas do océano rompendo nos salvaxes cantís. A zona na que se encontra o Cabo de Fisterra, é unha zona envolta nun halo de misterio e romanticismo de evocadora beleza natural e plástica. A súa riqueza natural e cultural encóntrase en múltiples recunchos, desde a súa gran variedade patrimonial como, O faro de Fisterra, as ruínas da Ermida de San Guillemme, As Pedras Santas ata as súas grandes paredes acantiladas. Como toda a Costa da Morte, o seu litoral e unha grande área marítima están protexidas pola Rede Natura2000, sendo LIC e ZEPVN, debido ao seu valor ecolóxico. O Cabo Fisterra, o núcleo de Fisterra e a praia de Mar de Fóra conforman un Espazo de Interese Xeomorfolóxico con valiosísimos fitos paisaxísticos que se suceden ao longo do percorrido. No caso de Fisterra Oeste, son especialmente valiosas as formacións costeiras de grandes cantís con pendentes case verticais, desde as que se obteñen unhas vistas panorámicas de toda a fachada litoral oeste do concello de Fisterra. Paseando polas súas sendas podemos sentir que estamos ante unha paraxe natural paradigmática e identitaria non só desta costa de Galicia senón de todo o seu litoral.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



